EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

TEXTO 1

"Era mércores, a véspera do San Xoán. Iso acórdame ben - díxome Adela- ¿E que tempo poderías ter ti daquela? ¡Oito! ¡Santiña querida! ¡Como pasan os anos!... Nunca che foi home de axirío, meu neno. Non o foi, e que en gloria estea. Porque, dime ti. ¿A quen coma el se lle pode dar por facer unha avioneta e querer botar a voar; enriba dela, no río do Campo do Muíño?.
E sen embargo, ninguén me soubo contar nunca ao certo o porqué das cousas do meu curmán segundo, Aurelio Almeida. E menos do que ninguén, el mesmo. Ou, polo menos, esa foi a conclusión á que dei chegago case trinta anos despois daqueles días, e logo de ter pasado máis dunha tarde á súa beira [...]. Algúns meses máis tarde, cando xa enterramos ao irmán, fíxena lembrar comigo aqueles días da avioneta, [...] Adela lembrou ben aquel tempo...

X. Ramón Pena: *Para despois do adeus*.

1. ¿En que época se sitúan os feitos?
2. ¿Cantos anos atrás se remonta?
3. ¿Quen protagoniza eses feitos?

TEXTO 2

O CACIQUE

Dende hai tempo veño reparando que un home de carne e óso sae dunha cova, gabea pola parede do cemiterio e foxe cara á cidade. De alí a dúas ou tres horas volta para o cemiterio ensumíndose nun dicir amén debaixo da terra. A primeira vez que en tal reparei non quería dar creto ó meu ollo; máis o caso repetiuse moitas veces arreo.

Unha noite púxenme ó axexo que xurdise da terra e fun detrás del. Correr corría o condenado; mais eu, escorréndome polas sombras dos muros non quitei o ollo de enriba del. Chegou ó burgo máis pobre da cidade e parouse diante dunha choza e despois entrou nela por unha fenda da porta. Eu subín ó tellado e saltei á horta que daba detrás da choza e por un buraquiño puiden fita-la escena máis arrepiante que puidese imaxinarse. Unha lampadiña de aceite alumeaba mornamente a cariña fraca e encoveirada dunha rapaza que durmía nun leito misérrimo. A pantasma chegouse a ela e estivo unha chea de tempo cos beizos pousados no pescozo da rapaza.

Afonso D. R. Castelao, *Un ollo de vidro*

1. Distingue e analiza no texto anterior os elementos básicos en que se apoia a narración.

TEXTO 3.

A persoa sentada fronte a min, que me fitaba cunha ollada aguda e penetrante, era alta e moi fraca; tiña a pel incriblemente tersa, aínda que xa aparentaba os seus anos. Reparei en que no colgadoiro estaba pendurado un elegante abrigo de coiro negro, que facía xogo co sobrio traxe gris que vestía aquel home, unha mostra inconfundible do traballo de Adolfo Domínguez. Unha camisa dun gris máis claro, abotoada ata arriba, completaba o seu elegante atavío.
Levba o pelo peiteado para atrás, e lixeiramente humedecido. Había algo nel, non sabería definilo, que lembraba a eses modelos masculinos que presentan a moda galega nas pasarelas de todo o mundo. Pero era só un aire, porque a estraña palidez, os ollos afundidos, os labios brancos e a estrema delgadeza dunhas mans que refregaba unha e outra vez sinalaban que a súa saúde non era tan boa como debería. "Este home está enfermo", pensei. "Está enfermo, non hai máis que verlle a cara". E, sen embargo, había algo no brillo daqueles ollos, naquela mirada irónica, que parecía desmentir as miñas primeiras apreciacións.

Agustín Fernández Paz. *Amor dos quince anos, Marilyn.*

1. Subliña os substantivos que identifican os elementos nos que o narrador centra a descrición do personaxe.
2. Escribe os adxectivos que se lle aplican a cada substantivo. Clasifícaos segundo se refiran ás características persoais do personaxe ou do seu atavío.
3. Cal é a modalidade discursiva do fragmento anterior? Xustifica a resposta.

TEXTO 4

"Dispuñan dunha hora e media. Manuel traía o seu castelo prefabricado no caletre; unha planta hexagonal con torres cilíndricas en cada ángulo, coroadas de ameas e chapiteis afiados, que copiara dun tebeo. Conforme ía erguendo os muros do castelo, os arcos apuntados das portas, a ponte levadiza sobre un foxo, seguindo escrupulosamente cada un dos pasos que fora ensaiando nos días anteriores, o castelo collía forma e algúns espectadores facían comentarios de admiración. Moi ben. Moi ben. O público comezaba a amorearse ao seu carón e el sentiu con orgullo que a súa obra gustaba."

Gonzalo Navaza. *Erros e Tánatos.*

"Camiño de Sobrado vai a comitiva fúnebre. Un sartego cuberto con tres varas de estanforte vermello. Santíguanse as xentes ao seu paso. Algúns axeónllanse.

- *Deus perdoe á grande pecadora.*
- *Foi amiga do Rei e perdeu a moitos.*
- *Disque non garda nada da antiga beleza, que se encolleu coma un verme.*
- *Non é a Balteira a que van soterrar, é unha meiga á que lle deixou o que tiña, mesmo o dereito a repousar en Sobrado.*
- *Si que a é. Onde vai, se non, a Balteira?*
- *Onde vai, se non, a meiga?*
- *Ese que vai chorando detrás do cadaleito é un estudiante, o derradeiro dos seus queridos.*
- *Non, ese é o fillo de María Balteira.*
- *O fillo non. O fillo está loitando contra os mouros.*
- *Se non fose esa a Balteira, o estudiante non había chorar así.*
- *A Balteira era moi vella, como había ter un querido tan novo? Ten que ser o fillo.*
- *En Teixeiro abriron o ataúde mentres descansaba a comitiva e disque non é a Balteira a que morreu."*

Marica Campo. *Confusión e morte de María Balteira.*

"Dóeme o estómago. Creo que non teño úlcera. Ninguén mo dixo. Cecais me contaxei co desequilibrado que retrata tan perfectamente Herminio Parente. Era o que me faltaba. Unir ás miñas inclemencias cerebrais os desaires dixestivos. Insoportable. Cecais mañá estea un pouco mellor. Poida que sexan as pílulas que me fan tomar o doutor e Sor Berta. Eles cecais ignoren os efectos secundarios das drogas que me administran. Impericia profesional. Dóeme o estomago."

Xosé Carlos Caneiro

1. Subliña os verbos e identifica a voz narradora e as voces dos personaxes dos textos anteriores.

SOLUCIÓNS

TEXTO 1.

1. **¿En que época se sitúan os feitos?**

Hai desde o presente unha evocación do pasado. O narrador protagonista, 1ª persoa: "ninguén **me** soubo contar" "esa foi a conclusión á que **dei** chegado", dá voz en estilo directo a outro personaxe, que fala do que aconteceu un mércores, véspera de San Xosé.

2. **¿Cantos anos atrás se remonta?**

No discurso dese personaxe que fala do pasado remóntase case trinta anos atrás cando a protagonista tiña oito.

3. **¿Quen protagoniza eses feitos?**

A protagonista, narradora, que é curmá segunda de Aurelio Almeida e da súa irmá Adela, que é quen lle conta o episodio da avioneta cando a protagonista aínda era unha nena.

TEXTO 2

1. **Distingue e analiza no texto anterior os elementos básicos en que se apoia a narración.**

Narrador protagonista en primeira persoa "veño reparando" " a primeira vez que en tal reparei" "mais eu, escorréndome polas sombras" "eu subín ao tellado"... relata un episodio do que é testemuña. No fragmento só aparece a súa visión e voz.

Narra os feitos en pasado, primeiro conta un feito, para el asombroso, no que reparou varias veces e logo a persecución da pantasma ata a cidade para velo entrar nunha casa. O suceso relatado ocorre unha noite. O tempo do discurso, loxicamente resume o da historia non se narra todo con detalle. O escenario é un cemiterio e unha casa moi pobre. Son exteriores e é pola noite. Os espazos que aparecen, a noite e os personaxes, dan ao relato un ton macabro e misterioso. Os personaxes son o protagonista, a pantasma e a rapaza que está na casa. O narrador testmuña é o personaxe de Castelao de *Un ollo de vidro,* que relata o que sucede no cemiterio visto a través do seu ollo de cristal: "non quería dar creto ó meu ollo", "non quitei o ollo de enriba del".

TEXTO 3.

1. **Subliña os substantivos que identifican os elementos nos que o narrador centra a descrición do personaxe.**

A persoa sentada fronte a min, que me fitaba cunha ollada aguda e penetrante, era alta e moi fraca; tiña a pel incriblemente tersa, aínda que xa aparentaba os seus anos. Reparei en que no colgadoiro estaba pendurado un elegante abrigo de coiro negro, que facía xogo co sobrio traxe gris que vestía aquel home, unha mostra inconfundible do traballo de Adolfo Domínguez. Unha camisa dun gris máis claro, abotoada ata arriba, completaba o seu elegante atavío.

Levaba o pelo peiteado para atrás, e lixeiramente humedecido. Había algo nel, non sabería definilo, que lembraba a eses modelos masculinos que presentan a moda galega nas pasarelas de todo o mundo. Pero era só un aire, porque a estraña palidez, os ollos afundidos, os labios brancos e a estrema delgadeza dunhas mans que refregaba unha e outra vez sinalaban que a súa saúde non era tan boa como debería. "Este home está enfermo", pensei. "Está enfermo, non hai máis que verlle a cara". E, sen embargo, había algo no brillo daqueles ollos, naquela mirada irónica, que parecía desmentir as miñas primeiras apreciacións.

Agustín Fernández Paz. *Amor dos quince anos, Marilyn.*

2. Escribe os adxectivos que se lle aplican a cada substantivo. Clasifícaos segundo se refiran ás características persoais do personaxe ou do seu atavío.

Características persoais		Atavío	
Persoa	Alta, fraca	Abrigo	Elegante, negro
Ollada	Aguda, penetrante	Traxe	Sobrio, gris
Pel	Tersa	Camisa	Gris claro
Pelo	Peiteado, humedecido	Atavío	Elegante
Palidez	Estraña		
Ollos	Afundidos		
Labios	Brancos		
Mans	Delgadeza estrema		
Saúde	Non boa		
Home	Enfermo		
Mirada	Irónica		

3. Cal é a modalidade discursiva do fragmento anterior? Xustifica a resposta.

A modalidade discursiva empregada no texto é a descrición. Ausencia de acción. Descrición do aspecto físico, enfermizo, e da vestimenta, elegante, do personaxe. Os trazos lingüísticos que a caracterizan son:

- Predominio da categoría nominal: substantivos e adxectivos recollidos no exercicio anterior.
- Uso de construcións atributivas: *era alta e moi fraca, a súa saúde non era tan boa como debería, este home está enfermo...*
- Uso de adverbios e frases preposicionais: *Incriblemente, no colgadoiro, de coiro negro, dun gris máis claro, lixeiramente, daqueles ollos, naquela mirada...*
- Procedementos léxicos de cohesión como a hiperonimia: *cara / ollos / labios / pelo / mans*; *abrigo / camisa / traxe / atavío; gris / negro / gris claro / brancos*; sinonimia: *persoa / home, ollada / mirada...*

TEXTO 4

1. Subliña os verbos e identifica a voz narradora e as voces dos personaxes dos textos anteriores.

"Dispuñan dunha hora e media. Manuel traía o seu castelo prefabricado no caletre; unha planta hexagonal con torres cilíndricas en cada ángulo, coroadas de ameas e chapiteis afiados, que copiara dun tebeo. Conforme ía erguendo os muros do castelo, os arcos apuntados das portas, a ponte levadiza sobre un foxo, seguindo escrupulosamente cada un dos pasos que fora ensaiando nos días anteriores, o castelo collía forma e algúns espectadores facían comentarios de admiración. Moi ben. Moi ben. O público comezaba a amorearse ao seu carón e el sentiu con orgullo que a súa obra gustaba."

Gonzalo Navaza. ***Erros e Tánatos***

Narrador omnisciente: *"e el sentiu con orgullo que a súa obra gustaba."* Narración en terceira persoa: *traía, copiara, ía erguendo, fora ensaiando, sentiu*. Narración en pasado como se pode ver nas formas verbais, uso de pretérito, antepretérito, copretérito. Aparece en estilo directo a voz do público: "Moi ben. Moi ben". No resto do fragmento aparece sempre a voz do narrador.

"Camiño de Sobrado vai a comitiva fúnebre. Un sartego cuberto con tres varas de estanforte vermello. Santíguanse as xentes ao seu paso. Algúns axeónllanse.

- *Deus perdoe á grande pecadora.*
- *Foi amiga do Rei e perdeu a moitos.*
- *Disque non garda nada da antiga beleza, que se encolleu coma un verme.*
- *Non é a Balteira a que van soterrar, é unha meiga á que lle deixou o que tiña, mesmo o dereito a repousar en Sobrado.*
- *Si que a é. Onde vai, se non, a Balteira?*
- *Onde vai, se non, a meiga?*
- *Ese que vai chorando detrás do cadaleito é un estudiante, o derradeiro dos seus queridos.*
- *Non, ese é o fillo de María Balteira.*
- *O fillo non. O fillo está loitando contra os mouros.*
- *Se non fose esa a Balteira, o estudiante non había chorar así.*
- *A Balteira era moi vella, como había ter un querido tan novo? Ten que ser o fillo.*
- *En Teixeiro abriron o ataúde mentres descansaba a comitiva e disque non é a Balteira a que morreu."*

Marica Campo. ***Confusión e morte de María Balteira.***

Hai unha pequena introdución na que aparece a voz dun narrador, describe brevemente a escena, en terceira persoa. Dá paso ás voces dos personaxes que forman a comitiva, en estilo directo. Os verbos aparecen todos en terceira persoa, na voz da comitiva porque o suxeito é a Balteira ou o fillo, na parte do narrador é a terceira persoa do plural, formada pola colectividade da comitiva fúnebre. Os verbos están en presente de indicativo e outros en tempos do pasado.

"Dóeme o estómago. Creo que non teño úlcera. Ninguén mo dixo. Cecais me contaxei co desequilibrado que retrata tan perfectamente Herminio Parente. Era o que me faltaba. Unir ás miñas inclemencias cerebrais os desaires dixestivos. Insoportable. Cecais mañá estea un pouco mellor. Poida que sexan as pílulas que me fan tomar o doutor e Sor Berta. Eles cecais ignoren os efectos secundarios das drogas que me administran. Impericia profesional. Dóeme o estomago."

Xosé Carlos Caneiro

Narrador en primeira persoa "Dóeme, teño, o que me faltaba....", fala de si mesmo nun monólogo. Fala en presente agás cando fai referencia a outras persoas ou outro momento. Usa bastantes formas de subxuntivo con valor hipotético ou de probabilidade "cecais mañá estea un pouco mellor, poida que sexan as pílulas, eles cecais ignoren..." Só aparece a súa voz.